

## **ANEXO**

### **I. MODIFICACIÓNS ESTABLECIDAS POLA NOVA LOMLOE.**

*ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.*

Establécense as seguintes modificacións para o presente curso académico 2021/2022, que teremos en conta na avaliación do alumnado detalladas a continuación:

#### **AVALIACIÓN.**

- Haberá tres avaliacións parciais e unha final, onde se decidirá a cualificación definitiva.
- O período entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.
- O equipo docente realizará un breve informe do alumnado con materias sin superar para diseñar as actividades de recuperación.
- De non existir unanimidade nas decisións requirírase acordo favorable da maioría simple.

**PROMOCIÓN.** Poderase promocionar de curso nestes tres casos:

- Con todas as materias superadas.
- Con dúas materias sin superar (computan tamén as dos cursos anteriores).
- A media das materias nas que se estea matriculado nese ano académico é igual ou superior a 5, e o equipo docente considera beneficioso promocionar, considera que hai expectativas favorables de recuperación e que o peso das materias non superadas permite seguir con éxito o curso seguinte.
- O alumnado que promocióne con materias sin superar deberá seguir un plan de reforzo.
- Do 6 al 21 de xuño, todo o alumnado ten a obriga de asistir a clase. Estes días, adicáranse ao reforzo das Competencias, con especial fincapé para aqueles/as que máis o precisen. Polo tanto, o obxectivo é que o alumnado que así o requira, alcance as Competencias Básicas, e o resto de alumnado podan seguir avanzando e obtener, así, un mellor resultado.
- Na ESO, elimínase a convocatoria Extraordinaria de Setiembre. As decisións sobre Promoción e Titulación recaerán sobre os equipos docentes.

#### **REPETICIÓN.**

A repetición de curso pasa a considerarse unha medida "absolutamente extraordinaria", que solo se tomará tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio.

O Real Decreto determina que o alumnado poderá repetir, como máximo, dous veces ao longo da enseñanza obrigatoria (Primaria e Secundaria). De forma excepcional, se podrá permanecer

un ano máis en 4º da ESO, aínda esgotándose xa o máximo de permanencia, sempre e cando o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das Competencias establecidas para a etapa. Neste caso, poderase prolongar un ano o límite de idade (máximo ata os 19 anos) ao que se refire o artigo 4.2. da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio.

O alumnado que repita deberá seguir un plan específico individualizado.

### **ALUMNADO CON AC**

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de ESO.

### **CONSELLO ORIENTADOR**

Ó finalizar 2º ESO entregaráselles ós pais ou titores legais un consello orientador coa proposta máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá ser a incorporación a un PDC ou un ciclo formativo básico.

Ó rematar 4º ESO entregaráselles outro consello orientador coa proposta sobre a opción académica, formativa ou profesional máis adecuada para o seu futuro formativo.

### **MATRÍCULA DE HONRA**

Ó rematar 4º ESO, os que obtivesen unha nota media de 4º igual ou superior a 9 poderán recibir a mención de matrícula de honra. Poderase conceder esta mención ó 5% do alumnado de 4º da ESO de todo o centro.

O BARCO DE VALDEORRAS

Departamento de Filosofía